

## RESPONSABLE CONSELLO COMARCAL ALLARIZ LIMIA.

O meu nome é Xose Alberte Sobrino Salgado, con DNI \_\_\_\_\_, co domicilio na rúa \_\_\_\_\_ na vila de Maceda onde son militante do BNG de pleno dereito co nº de carné \_\_\_\_\_ desde fai dous anos e medio.

Participei activamente a nivel local no desenvolvemento da campaña das municipais 2007 e xerais de marzo 2008.

Asistín con escrupulosa puntualidade ás asembleas locais que me convocaron; a todas e cada unha das asembleas comarcais das que me informaron para escoitar e medrar ideoloxicamente, aprender da experiencia de compañeiros que levan a súa vida loitando para que Galiza conte como país, como nación, cunha identidade, lingua e costumes propios que se están asoballando desde o estado español por medio dos partidos políticos o PP e o PSOE.

Asumín con fidelidade a razón de ser desta organización e, mirando cara a atrás, decateime que a miña chegada non é froito da casualidade, senon dun longo proceso de maduración a traves de moitos anos.

Explicar isto sería longo e non é o asunto a tratar neste momento.

O asunto que quero tratar é o seguinte:

Na última a asemblea local á que me convocaron en Maceda, fai un ano e medio, puxen de manifesto o meu desacordo e desconfianza nas actuacións que había levado a cabo o alcalde e responsable local contra á compañeira e concelleira minusvalorando a súa función e autoridade ante caciques do PP e o encargado do Grumir.

A resposta que me deu o responsable local diante dos meus compañeiros foi: "*Cando levas mais tempo connosco terás dereito a opinar*"

Pois ben esta foi a derradeira asemblea local á que me convocaron..

E desde entón:

\_O alcalde/responsable local entregou o local do BNG para uso do PP, co cal agora a militancia do BNG carece dun lugar onde reunirse, pois as asembleas celébranse na alcaldía, non hai onde gardar nin cartazes.

\_O alcalde/responsable local leva a cabo un estrano achegamento aos caciques do PP dándolles traballo no concello, auxiliar policía, tractorista, encargado mantemento maquinaria, persoal Grumir...etc.

Interpelado sobre iso responde" *que desta forma, facendolle favores, imos conseguir atraer aos que votan ao PP, os votos dos simpatizantes do BNG xa os temos, imos a por mais*".

\_Para acudir á manifestación de Lubian tiven que ir no meu coche.

\_Non se me permite participar nas asembleas locais.

\_Non me invitaron á cea comarcal do BNG.

\_Teño que acudir pola miña conta a cantas asembleas comarcais, mitines e demais actuacións que a organización realiza.

\_Intentaron silenciarme, illandome, deixandome de lado para ver se me daba de baixa como militante pero non o conseguiron.

\_Están discriminando ás xentes de Maceda con dúas leis. Os de sempre PP poden obrar onde queiran, non pasa nada e outros para reformar o tellado dunha palleira teñen que sacar un proxecto técnico.

Se a lei do PXOM é igual para todos, se queremos acabar co caciquismo por que o permiten cando está nas súas mans acabar con el.

\_Non contaron comigo na campaña das autonómicas de marzo nin nas europeas de xunio.

Ademais do exposto con anterioridade desexo sinalar que na miña vida profesional xa me amolaron o seu tamén, o negarme o pagamento dunha factura polo aluguer dunha maquina trituradora o acordar en pleno da corporación o non recoñecemento desa factura.

**Isto non me preocupa pois sei defenderme, e non quero mezclar a organización neste asunto.**

Fago saber porque xa teño nomeada unha avogada para reclamarlle o Concello de Maceda perante o xuzgado do contencioso-administrativo, e se sae a luz publica nos medios de comunicación, non quero que se me faga responsable, pois estou a reclamar o que lle deben a miña empresa.

Soamente pido que iste CONSELLO COMARCAL atenda este escrito, investigue se é certo o que nel se di e se e normal que por exercer o dereito a discrepar se lesionen os meus dereitos coma militante.

Inda mais, cando foi a elección de delegados **forzaron a alguns militantes a ir na lista Mais BNG contra a súa vontade**. Eu fun voluntariamente na lista Alternativa pola Unidade co que inda me rexeitaron moito mais. Un militante de Maceda foi ameazado por Xabier de que ou os apoiaba en Santiago ou non o levaban con eles.

Cando decidin entrar a formar parte desta organización, fíxeno por que valorei a súa democracia interna. Coma se fose unha familia que teñen unha empresa e todos loitan para facerlle fronte a mala imaxe que lle fan outras con gran poder mediatico e de capital. Nesa familia uns opinan dun xeito, outros doutro pero todas as opinios son para mellorar a empresa non para fundila coma pensan alguns. Os que así pensan non son leais nin a os principios do BNG, nin a ninguen.

Pola miña parte nada mais, agardo e sométome a o voso dictame.

Asdo: Xosé Alberte Sobrino

En Maceda a 11 de xuño de 2009